



Concello de Cuntis

BANDO

SUBVENCÍONS DO IGVS PARA O PAGO DE ALUGUEIROS DE VIVENDA HABITUAL PARA MINIMIZAR O IMPACTO ECONÓMICO DO COVID 19

O programa ten por obxecto a **concesión de axudas ao alugueiro mediante adxudicación directa** ás persoas arrendatarias de vivenda habitual que, como consecuencia do impacto económico e social do **COVID-19** teñan problemas para atender o pagamento parcial ou total do alugueiro, atopándose nalgunha das seguintes situacións: **situación de desemprego, ERTe ou redución de xornada por motivos de coidado.**

O prazo de presentación de solicitudes será dende o **23 de maio ao 30 de setembro de 2020** e a concesión das subvencións tramitarase por concorrencia non competitiva.

REQUISITOS:

- ***Persoas maiores de idade con nacionalidade española ou residentes legalmente en España que sexan titulares dun contrato de alugamento de vivenda e no que a vivenda alugada sexa a súa residencia habitual.***
- ***Atoparse en situación de vulnerabilidade económica, conforme ao establecido nas bases reguladoras (orde do DOGA do 22 de maio).***

A contía das axudas será de ata 500 euros mensuais podendo presentarse unha única solicitude por unidade familiar, presentada preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

No caso de recibir subvención esta deberá xustificarse mensualmente mediante presentación dunha declaración responsable de que a unidade familiar continúa nas mesmas condicións.

Para mais información pñerse en contacto co Departamento de Servizos Sociais do Concello ou solicitar cita previa nos teléfonos (986548005 (extensión 4009) ou 986185468)

O que se informa aos efectos oportunos

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

